



PUNTO LIMPO

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Plan de Xestión de Residuos Urbanos

Puntos limpos: lugares adicados á recepción e acopio de residuos domiciliarios aportados por particulares e que non deben ser depositados nos contenedores habituais situados na vía pública en todo o municipio de A Cañiza, a fin de favorecer a recollida selectiva dos residuos e o seu correspondente tratamento ambiental.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito

O presente regulamento ten por obxecto regular as condicións de uso, a admisión de residuos e as características das instalacións denominadas “Punto Limpo”.

O ámbito territorial do presente regulamento *é o término municipal de A Cañiza se ben se admitirán residuos xerados por usuarios doutros concellos que non dispoñan deste servizo.*

Artigo 2. Definición

1.- PUNTO LIMPO: é unha instalación acondicionada adecuadamente, onde se efectúa, previamente seleccionados a recepción transitoria e acumulación de certos tipos de residuos domiciliarios, **aportados por particulares**, que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo ordinario de recollida de residuos sólidos urbanos. Constitúe, por tanto, un sistema de recollida selectiva, sendo un centro de recepción,



almacenaxe, selección e valoración dos residuos municipais que non teñen canalización de recollida diaria, nin domiciliaria.

En ningún caso se trata dun vertedoiro, senón dun lugar de almacenaxe temporal dos residuos, para ser posteriormente trasladados a outros lugares a través de transportistas e xestores autorizados.

2.- RESIDUOS RECICLABLES: Aqueles materiais que poden ser reutilizados ou reciclados con materias primas, para que mediante un proceso, se obteña un produto distinto ou igual ao original.

3.- PROVEEDOR: Persoa natural ou xurídica que fai entrega dos residuos no Punto Limpo.

Artigo 3. Obxectivos do Punto Limpo

Os obxectivos principais do punto limpo da Cañiza son:

- 1) Servir aos cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva de residuos producidos no ámbito domiciliario.
- 2) Evitar o verquido incontrolado de residuos voluminosos que non poden ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida de lixo.
- 3) Evitar o vertido de entullos e outros no medio natural, rural e urbano do termino municipal de A Cañiza.
- 4) Acadar a separación en orixe dos residuos, recepcionándose en distintos compartimentos diferenciados entre si.
- 5) Proporcionar aos veciños unha canle para a eliminación de residuos que representen un perigo para o medio e a saúde pública como aceites, pinturas,



fluorescentes, radiografías, etc. Evitando deste xeito o seu verquido incontrolado.

- 6) Aproveitar os materiais contenidos nos residuos urbanos que son susceptibles dun reciclaxe directo, conseguindo con isto un aforro enerxético e de materias primas, e reducindo o volume de residuos a eliminar.
- 7) Buscar a mellor solución para cada tipo de residuos co obxectivo de conseguir a máxima valorización dos materiais e o mínimo coste na xestión global.
- 8) Fomentar programas de sensibilización e formación ambiental entre os cidadáns, procurando a súa participación e implicación na xestión dos residuos respetuosa co medio ambiente.

TÍTULO II

Descrición

Artigo 4. Descrición

Os puntos limpos contarán, preferentemente e a modo indicativo, cos seguintes requisitos:

- a) Peche perimetral do recinto na súa totalidade, que evite accesos incontrolados.
- b) Posto de información, vixia e control, que terá unha dimensión apropiada.
- c) Zona de almacenaxe, vestiarios, aseos e servizos auxiliares de superficie axeitada.
- d) Plataforma superior ou peirao elevado de descarga, por debaixo da cual se atopan ubicados os distintos contenedores para os diferentes tipos de residuos.
- e) Zona cuberta disposta para acoller certos tipos de residuos sensibles á intemperie.



- f) Zonas adecuadas dotadas de superficies impermeables, con instalacións para a recollida de derrames e, se procede, decantadores e limpiadores-desengrasadores.
- g) Contenedores dabondo destinados ao depósito dos distintos residuos, que poderán ser de diferentes características e capacidades, segundo a tipoloxía dos materiais.
- h) Sinalización vertical: Consistente en carteis de indicación do tipo de residuo admitido en cada contenedor, así como sinais informativas, co obxectivo de facilitar o acceso ás instalacións e a axeitada utilización das mesmas polo usuario.

TÍTULO III

Normas de funcionamento

Artigo 5. Usuarios

- Os puntos limpos solo poderán ser utilizados polos cidadáns particulares, en relación cos seus residuos domésticos.
- Ditos usuarios poderán acceder ao interior das instalacións ben a pe, ben en vehículo propio, sendo en calquera caso responsables do uso de dito vehículo e dos danos e perxucios que a súa actuación poidera causar.

Artigo 6. Horario das instalacións

As instalacións terán un horario de apertura de luns a venres de 10:30 a 12:30 da mañá e de 15:00 a 17:00 da tarde.

A regulación do horario poderase cambear se o estima convinte o Concello comunicándose o novo horario aos cidadáns polos medios de difusión habituais na Vila e coa antelación necesaria.



Artigo 7. Información e colaboración

O Concello informará aos cidadáns, a través de bandos, folletos, medios de comunicación ou calquera outro método que se estime pertinente sobre a ubicación do punto limpo, horarios, residuos que se poden depositar, etc.

Existirán carteis informativos, tanto no exterior como no interior das instalacións, dependendo da súa función concreta, co obxecto de facilitar o acceso e a correcta utilización das mesmas, e serán:

- Carteis de información de uso e emprego dos contenedores, situados xunto a cada un deles, indicando a tipoloxía do residuo admitido coa finalidade de acadar a maior separación de residuos posible.

Colaboración coa Dirección Xeral de Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia para os estudos de seguimento do nivel de concienciación dos cidadáns e do uso que se está a facer do Punto Limpo, enviando relacións periódicas do volume de cada tipo de residuo recollido no mesmo.

Artigo 8. Condicións de uso do Punto Limpo

a) Á entrada do recinto un operario informará aos usuarios sobre a forma de realizar o depósito de cada un dos residuos.

b) Os usuarios aportarán voluntariamente os residuos admisibles, que unha vez diferenciados deberán ser depositados no lugar axeitado.

c) O usuario accederá a pe ou en coche a unha plataforma elevada ou peirao, caso de ser necesario verter sobre contenedores nos que, por separado, poderá depositar calquera dos residuos que autoriza o presente regulamento.

d) O xestor do punto limpo, ademáis de recabar os datos correspondentes dos usuarios e dos residuos aportados por estes, podará exisir a documentación que considere



oportuna, se apreciara algunha irregularidade na procedencia dos residuos, que atente co establecido na lexislación medioambiental e no presente regulamento. Se isto se producira o xestor poderá proceder non admitindo tales residuos.

Para a utilización do Punto Limpo deberá terse en conta tres aspectos:

1. Sólo se admiten residuos xerados por particulares.
2. Cada usuario sólo poderá facer unha achega diaria de residuos.
3. Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO IV

Normas de funcionamento

Artigo 9. Normas de funcionamento e xestión

*.- En todas as achegas será necesaria a presentación do D.N.I. do usuario ao encargado do Punto Limpo que o anotará nun documento para control interno. Ademais será necesario presentar o documento acreditativo da licenza e obras ou ben o documento de autoliquidación da taxa correspondente, expedidos polo Concello cando o depósito sexa escombros e terras. Asímesmo, será necesario aportar a licenza de funcionamento cando os aceites vexetais procedan de establecementos comerciais.

*.- Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos poidan ser utilizados para outros fins que os propios do servizo.

*.- Antes do depósito dos residuos se procederá ao seu peso para comprobar as cantidades achegadas.

*.- O usuario accederá á zona de acopio onde depositará os residuos no seu correspondente contenedor.



*.- Antes de que os contenedores se enchen de residuos, os operarios do Punto Limpo darán aviso aos xestores ou transportistas designados para a retirada e o traslado dos residuos ás diferentes instalacións de reciclaxe ou centros de eliminación.

*.- As instalacións do Punto Limpo deben permanecer en boas condicións de hixiene e salubridade pública. Para isto, os operarios deben controlar que o depósito de residuos se realice de forma correcta, evitando a caída de residuos fora dos contenedores e retirando calquera material que dificulte o tránsito dos vehículos e o depósito dos residuos.

*.- O encargado do Punto Limpo poderá rechazar aqueles residuos que cando pola súa natureza ou volumen non poidan ser admitidos dacordo co presente regulamento.

Artigo 10. Almacenamento dos residuos

O almacenamento dos residuos nas instalacións será responsabilidade do xestor do Punto Limpo, de modo que se realizará tendo en conta as seguintes condicións mínimas:

- Levarase adiante sen poñer en perigo a saúde humana e o medio ambiente.
- Non se sobrepasarán as capacidades máximas dos contenedores, nin os prazos máximos de almacenamento legalmente establecidos.
- Cada residuo deberá depositarse no seu contenedor específico e no lugar reservado para este.

Artigo 11. Destino dos residuos

O control do destino dado aos residuos almacenados nas instalacións será responsabilidade do xestor do Punto Limpo, que en todo caso cumprirá as seguintes condicións:

- a) Os residuos achegaranse a un xestor autorizado para o seu transporte, tratamento, valorización ou eliminación.



b) O xestor do Punto Limpo estará en posesión de copias dos contratos con aqueles xestores a quen se lle achegan os residuos, que se atoparán en vigor en todo momento, ben dita achega estará comprendida dentro dun acordo ou convenio previo.

c) Nas instalacións do Punto Limpo estarase en disposición dos xustificantes de achega de residuos, debidamente cumprimentados.

Cada xustificante de achega comprenderá tres exemplares destinados ao xestor do punto limpo, ao xestor a quen se lle achegan os residuos e ao concello de A Cañiza, con indicación dos pesos reais de ditos residuos achegados.

Artigo 12. Documentación do Punto Limpo

No punto limpo do término municipal de A Cañiza, estará dispoñible unha copia do presente regulamento, co obxecto de posibilitar a súa consulta a calquera usuario que o solicite.

O punto limpo disporá dun rexistro de incidencias e información interno que contendrá os seguintes datos:

- a) Datos do posuidor ou produtor que achega os residuos. Este requisito será sempre imprescindible para o usuario, no caso de que se detecte calquera anomalía.
- b) Datos do vehículo que accede ao recinto.
- c) Data e hora de acceso.
- d) Tipo de residuos aportados por visita.
- e) Cantidade de cada tipo de residuos.
- f) Incidencias.
- g) Xestor autorizado a quen se lle achega cada residuo e cantidade do mesmo (en saídas).



Artigo 13. Normativa específica de certos tipos de residuos:

Os residuos cuia xestión sea contemplada nunha normativa específica se regularán polas disposicións que nesta se establezcan, prevalecendo sobre o establecido no presente regulamento.

Artigo 14. Gratuidade

O punto limpo será gratuito para os usuarios particulares que depositen residuos domiciliarios admisibles nestas instalacións.

TÍTULO V

Residuos

Artigo 15. Residuos admisibles e limitación de cantidades

No punto limpo admitiranse exclusivamente residuos de orixe doméstico.

Sen perxuício do establecido nos Artigos 12 e 13 do presente regulamento, se poderán depositar os residuos que se indican na tabla adxunta, coas limitacións cuantitativas que se establecen.

Tipoloxía de residuos: no punto limpo admítense os seguintes residuos:

RESIDUOS COMÚNS	LIMITES MÁXIMOS	
PAPEL E CARTÓN	20	Quilos
VIDRO: BOTELLAS E CRISTAIS VARIOS	20	Quilos
ENVASES DE PLÁSTICO, BRIKS E LATAS	25	quilos
RESTOS METÁLICOS DE FOGARES (Ferralla)	60	quilos
MADEIRAS	60	quilos
RESIDUOS VOLUMINOSOS: mobles, colchóns e	2	unidades



electrodomésticos sen gas CFC (lavadoras, cociñas, quintadores de auga...).		
Ademáis de poder levar estes residuos ao punto limpo, continuará en vigor o servizo mensual de recollida domiciliaria nas distintas parroquias, nos días establecidos.		
APARATOS ELÉCTRICOS, ELECTRÓNICOS e INFORMÁTICOS	2	unidades
TEXTILES: roupa e calzado	25	quilos
CASCOTES (ENTULLOS) DE PEQUENAS OBRAS	250	quilos
PLÁSTICOS	25	quilos
RESIDUOS VERDES: residuos procedentes de podas e restos VEXETAIS	60	quilos
RESIDUOS ESPECIAIS		
DISOLVENTES, PINTURAS E VERNICES	1	quilo
TUBOS FLUORESCENTES E LUMINARIAS DE VAPOR DE MERCURIO E SIMILARES	3	unidades
BATERÍAS E PILAS CON NIQUEL, CADMIO OU MERCURIO		
RADIOGRAFÍAS		
ACEITES DOMESTICOS MINERAIS E VEXETAIS USADOS, PROCEDENTES DE PARTICULARES	5	Litros
ELECTRODOMÉSTICOS CON GAS CFC (frigoríficos e conxeladores)	2	unidades
Sprays / aerosois	10	unidades



Para a presentación e recollida dos residuos anteriormente mencionados, estes deberán achegarse dacordo a unhas normas de presentación, que son as que seguen:

- 1) Papel e cartón deberá depositarse obrigatoriamente pregado. As caixas de cartón deberanse abrir e comprimir para reducir o volume dos residuos. Asimesmo, o papel deberase presentar en bolsas ou caixas pechadas para evitar o seu esparcemento.
- 2) Vidro e cristais varios. Os residuos de cristais deberán acondicionarse de tal xeito que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas na manipulación dos residuos.
- 3) Pilas: deberanse separar os diferentes tipos de pilas, ben sexa de botón, salinas ou alcalinas.
- 4) Entullos (escombros) e terras. A procedencia dos escombros será de reformas domiciliarias particulares, en ningún caso se admitirán os procedentes dunha actividade empresarial. O límite de 250 kgs corresponderá aproximadamente a uns 10 sacos ou bolsas de plástico pechados de 25 kg. máximo.
- 5) Os aceites vexetais, pinturas e vernices: presentaranse en garrafas ou botellas de plástico. Estes residuos non se poderán mezclar con aceite de maquinaria, motores de vehículos ou outra natureza mineral.
- 6) Plásticos: presentaranse libres de restos orgánicos e debidamente pregados para reducir o seu volume.
- 7) Poda e restos vexetais: na medida do posible a rama non excederá da medida de 1 m.



- 8) Frigoríficos e electrodomésticos con CFC, aparatos eléctricos, electrónicos e informáticos. Sólo se admitirán aparatos completos e no caso de equipos de frío (Frigorífico, conxelador, equipo de Aire Acondicionado, etc), sólo se admitirán sen gases contaminantes, salvo que se dispoña de medios específicos para asegurar a descontaminación de ditos gases (CFcs., etc)
- 9) As baterías de automóbiles deberán levar pechados os depósitos que conteñen os ácidos para evitar o seu verquido e o risco de queimaduras dos operarios que manipulen ditos residuos.
- 10) Os metais serán de procedencia doméstica. Límite máximo: 3 unidades no caso de somieres.
- 11) Tubos fluorescentes. Para ser admitidos deberanse presentar dentro do seu envase.

Ditos límites **non poderán sobrepasarse pola mesma persona ou entidade nun día.**

Mensualmente, cada usuario non poderá exceder do dobre da cantidade permitida por día para cada residuo.

Artigo 16. Limitación do tipo de residuos

De calquera forma, cando exista limitación de espacio ou cando concurran circunstancias especiais que o xustifiquen ou así o posibilite ou determine a lexislación ambiental, o Concello poderá variar o establecido no artigo anterior, fixando os tipos, frecuencias e as cantidades de residuos específicos que serán admisibles no punto limpo.

Artigo 17. Prohibición de utilización dos puntos limpos

a) Non se admitirán residuos de orixe industrial, nin os lixos domésticos, que habitualmente se depositen nos contenedores de recollida ordinarios.



b) Non se poderá verter nos puntos limpos, salvo autorización específica do Concello con:

- Vehículos de M.M.A. superior a 3.500 kgs.
- Todo tipo de volquetes e remolques de M.M.A. que superen os 500 Kgs.

c) Non se admitirán residuos distintos dos indicados salvo que sexan expresamente autorizados en base ao establecido no presente regulamento.

d) Concretamente, non serán residuos admisibles:

- Os lixos urbanos orgánicos.
- Os residuos agrícolas e gandeiros.
- Os animais mortos e desperdicios de orixe animal regulados polo Regulamento (CE) 1774/2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subproductos animais non destinados ao consumo humano e demais normativa específica.
- Residuos líquidos ou viscosos.
- Residuos infecciosos.
- Residuos hospitalarios e clínicos, non asimilables a urbanos.
- Residuos farmacéuticos, medicamentos ou produtos de uso terapéutico.
- Residuos tóxicos ou perigosos, así como os recipientes e envases que os houberan contido, tal como regula o RD 952/1997, de 20 de xuño, polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos, aprobado mediante RD 833/1988, de 20 de xullo, salvo o establecido no párrafo c) do presente Artigo.
- Residuos que en condicións de verquido sexan explosivos, corrosivos, oxidantes, fácilmente inflamables ou inflamables.



- Os residuos inertes non poderán conter ningún elemento perigoso como o amianto, fibras minerais, disolventes e algúns aditivos do formigón ou certas pinturas, resinas ou plásticos, nin estarán mesturados con materiais solubles, combustibles, nin biodegradables.
- Os vehículos automóbiles e as súas pezas susceptibles de reciclado ou afectados por normativa específica, e os aditivos ou outros fluídos de automoción.
- Insecticidas e antiparasitarios.
- Residuos radioactivos ou procedentes da actividade mineira.
- Os residuos procedentes da limpeza viaria, zonas recreativas e praias.
- Os residuos sen identificar ou identificados de forma ambigua.

Prohíbense tamén os seguintes aspectos:

- Depositar calquera outro tipo de residuos de orixe domiciliario que non se atope establecido no presente Regulamento.
- Depositar mesturados os diferentes residuos.
- Depositar residuos fora do contenedor específico.
- Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por este Regulamento.
- Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- Abandoar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fóra do horario de funcionamento do Punto Limpo.
- Calquera tipo de incineración de residuos dentro do punto limpo.
- Fumar dentro das instalacións.



TÍTULO VI

Rexime Sancionador

Artigo 18. Infraccións

Infraccións

Calquera incumprimento das normas do presente Regulamento considérase unha infracción que se tipificará dacordo coa natureza do acto en leves ou graves.

1. Considéranse infraccións leves:

- a) Achegar residuos non procedentes de domicilios particulares, salvo o relativo a achegas de aceites vexetais para establecementos comerciais.
- b) Depositar calquera outro tipo de residuos de orixe domiciliario que non se encontre establecido no presente Regulamento.
- c) Depositar mesturados os diferentes residuos.
- d) Depositar residuos fora do contenedor específico.
- e) Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por este Regulamento.

2. Considéranse infraccións graves:

- a) Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- b) Abandoar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fóra do horario de funcionamento do Punto Limpo.

Artigo 19. Sancións

Os usuarios que efectúen infraccións leves estarán na obriga de restituir o dano cometido ou se lles prohibirá a achega dos residuos.

Os usuarios que cometan infraccións graves sancionaranse dacordo ás leis vixentes en materia medioambiental en tanto que ditos actos considéranse verquidos incontrolados de residuos sólidos.